

GAÑADORA: Alexandra Padín González

PSEUDÓNIMO: Francés F.

Gravidade Cero

Nesta habitación sen fiestras a bombilla pende espida
espidos penden os corpos
e revestimos almas en coiro de animais famentos
Un intre de pasividade:
bágoa si, bágoa non, escuridade, escume amarelo
Eiquí
as pernas rodean vértebras,
beizos en sexos, ollos en embigos
Os alentos compártense e retense antes da exhalación
e agonizan as consciencias, e morren os sentimentos
mentres a luz fallece coa suavidade dun suspiro;
quietude no rincón onde descansan os vaqueiros
a etiqueta di "lavar en frío"
Dez intres máis:
Dostoievsky dorme, Tzara observa
algún contemporáneo que desaparece da escea
na que permanecen dous corpos fríos, semi-inertes
máis aló de toda paixón, de todo anhelos
unha catatonia inducida por calqueira factor interno ou externo
Chegar ao extremo
sobrepasar o límite
un paso máis
Demasiada euforia, exaltación excesiva, palpitations desbocadas
que afogan e,
entón,
morte
Literatos relámense e transcriben as verbas non pronunciadas
excitación
grotesca retórica
lírica deplorábel
un intre, dous intres, tres; e afógote, e afógasme; tanto corrosivo;
tantísimo veneno;
estupor; nai,
matriz; auga; dor, dor, dor; rotura, xemidos; vermello tan vermello;
fume, cinzas, un
misto;
vacuidade; esgótasme, desfasme en suor, saliva e bágoa; só valeiro
e unha métrica
sen
harmonía; só valeiro e dor e vermello
Na habitación carente de gravidade